

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE MARZO DE 2024**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós

### **ASISTENTES:**

D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezanove de marzo de dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 12 DE MARZO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 12 de marzo de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 12 de marzo de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Axencia de Turismo de Galicia, Resolución do 4 de marzo de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, a promoción e a difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TU500A). DOG núm. 52, do 13-03-2024.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3.1.- PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DO AVAL DO CONTRATO DE SERVIZO PARA A "REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMBRE. EXPEDIENTE. 10/4-3 SERV.**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos de data 12 de marzo de 2024 (CVD: PUifg8ZHyW+1YMX2tISB), que transcrita di:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o informe da tesoureira municipal de 12 de marzo de 2024 (CVD: p6fyTsY3/t/CM+SnnIEc). Expediente 2024/G006/000054.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de 14 de marzo de 2017, acordou a incautación da garantía definitiva constituída mediante aval de 14.690,61 euros de importe, outorgado por Bankinter S.A. para responder das penalidades de 16.641,60 euros, impostas á "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), como entidade adxudicataria do contrato de servizo para a "Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre. O acordo foi notificado ao avalista o 21 de marzo de 2017 e telematicamente a entidade IDOM-ARNAIZ UTE (Rexistro de saída núm. 2017000001743).

Visto que en cumprimento deste acordo, notificouse a Bankinter, S.A, CIF. A28157360, o día 9 de xuño de 2017, o requirimento do ingreso da cantidade de 14.690,61 euros, en execución do aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 0278221, de data 02/12/2010.

Visto que o día 13 de xullo, Rexistro de entrada núm. 201799900000191, o Concello recibiu un escrito de D. Rafael Espinosa Azofra, DNI 16.546.835Z, que di actuar en representación de IDOM - ARNAIZ UTE, no que solicita á revogación da orde de execución do aval a cambio do ingreso por esta entidade da mesma cantidade garantida por este. O ingreso en conta municipal de 14.690,61 euros tivo lugar o mesmo día 13 de xullo.

Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2017 acordou a revogación do acordo de incautación do aval.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Devolver o aval outorgado pola entidade Bankinter S.A, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 0278221, prestado en garantía da correcta execución por parte de UTE IDOM-ARNAIZ, do contrato de servizo para a "Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre-Expte. 10/4-3 SERV".

**Segundo:** Notificar a IDOM - ARNAIZ UTE dito acordo para que recolla o aval na Tesourería Municipal".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos de data 12 de marzo de 2024 (CVD: PUifg8ZHyW+1YMX2tISB), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A “SUBMINISTRACIÓN E MONTAXE DE SEIS FOCOS NO CAMPO DE FÚTBOL DANI MALLO. EXPEDIENTE 2023/C002/000085**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 14 de marzo de 2024 (CVD: ws/Nb8S2kiJbSt/b9ttB), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente tramitado na plataforma TEdC ao número 2023/C002/000085 para a contratación, por contrato menor, da “Subministración e montaxe de seis (6) focos no campo de fútbol Dani Mallo”.

Visto o informe de necesidade asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, polo concelleiro de Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación e pola concelleira de Economía, Facenda e Réxime interior, o día 06.11.2023 (CVD: Ctp7Y8IWW0F06iXf4Q8q) mais a memoria valorada asinada o día 06.11.2023 (CVD: C1eywtBjcd491y8O5/hE), nos que se establece un presuposto base de licitación de 11.929,27 euros (IVE incluído), 9.858,90 euros (importe sen IVE).

Visto o informe emitido pola secretaria xeral, o día 19.12.2024 (CVD: MervbvTNLUqMUIde8UGN) no que di:

“(…) Presentado nesta Secretaría o expediente para a tramitación como contrato menor da subministración e do servizo citado no asunto, a funcionaria que subscribe emite o seguinte **INFORME**:

#### **CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS**

Con carácter previo ao que logo se dirá deixase constancia do escaso tempo hábil de que dispoxo a que subscribe para examinar o asunto debido á escasez de persoal no servizo, acumulación de tarefas e da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas limitacións e cautelas que se derivan deste feito e referírase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que poderá ser ampliado. Sentado o anterior, fanse as seguintes consideracións:

O artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:

*“1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.*”

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.
3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.
6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4." Polo que atinxe a súa duración, o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga."

Por outra banda, o artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Especificamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que

*"3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118"*

O artigo 30.3 da LCSP establece que a prestación de servizos realizárase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, logo da debida justificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.

O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A *sensu contrario*, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que “Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias” A instrucción anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que “De acuerdo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos. Las ofertas recibidas así como la justificación de la seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo”.

No expediente examinado consta, entre outros documentos, memoria valorada asinada pola coordinadora deportiva Cristina Sanmartín Sánchez en data 6 de novembro de 2023 (CVD: C1eywtBjcd491y8O5/hE) na que se indica, entre outras cousas, que:

“...O Concello de Cambre desexa contratar o subministro e montaxe de seis focos no Campo de Fútbol Dani Mallo

*Xa que na actualidade hai 4 torretas das cales dos de elas (torreta 2 e 4) teñen luminarias Led e as outras dos torretas (1 e 3) están con focos halogenuro 2000 Wattios e de estos hai seis focos que non funcionan. É por iso que vémonos na necesidade de reposición deses focos a luminarias led garantindo unha redución no consumo do alumbrado da instalación.*

## 2. – PREZO DO CONTRATO. CARACTERÍSTICAS

O importe da adxudicación, (IVA incluído), en ningún caso poderá superar a cantidade de 11.929,27 euros según o seguinte desglose:

CONCEPTO	UNIDADE	PREZO	IMPORTE
PROXECTOR LED EQ Referencia: PROYECTOR T-SPORT V2 990W 4000°K ILUMINIA. De subministro de PROXECTOR LED	6	1.470,84	8.825,04
PROXECTOR LED EQ De montaxe e colocación de PROXECTOR LED; incluso material auxiliar, accesorios e repercusiones na materia de calidade, xestión de residuos, seguridade e saúde. Medida a unidade replanteada, executada e probada conforme as especificacións e normativa en vigor.	6	122,31	733,86
REORIENTACIÓN DOS PROXECTORES EXISTENTES De REORIENTACIÓN DOS PROXECTORES EXISTENTES: incluso material auxiliar, accesorios e repercusións en materia de calidade, xestión de residuos, seguridade e saúde. A xustificar.	1	300,00	300,00
SUMA			9.858,90
IVA – 21%			2.070,37
TOTAL			<b>11.929,27</b>

(.../...)

A xuízo da que subscribe, estamos ante unha contratación previsible, pois o mantemento da instalación é algo previsible. Tampouco pode atribuírselle a esta contratación o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal.

En definitiva, entende esta Secretaría que non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder utilizar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrència, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública.

De ser outro o criterio do órgano de contratación infórmase que, a xuízo da que subscribe, non se atopa suficientemente xustificado o prezo do contrato, polo que debería subsanarse o expediente neste extremo.

Respecto da práctica relativa a que nalgúns expedientes de contratación, cuxa tramitación se propón polos técnicos responsables como contrato menor, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior ven dispoñendo que se proceda á publicación no perfil do contratante un anuncio polo que se conceda un prazo para a presentación de ofertas, cabe indicar que a dita publicación no perfil do contratante non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación no perfil do contratante nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

### CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe non procede a contratación como contrato menor do subministro e montaxe de seis focos no Campo de Fútbol Dani Mallo que figura na plataforma TEdC co número 2023/C002/000085.

Non se estudan os restantes extremos do expediente polo sinalado na consideración previa e por canto, entende esta Secretaría que non procede a súa aprobación.

(...)”.

Visto que o día 21.12.2023, previa providencia desta Concellería (CVD: z+gAFmD6f69kKnJ+Q53H), publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de licitación polo que se abriu un prazo de presentación de ofertas de tres días hábiles.

Vista a proposta de adjudicación asinada pola coordinadora deportiva en funcións o día 09.01.2024 (CVD: 1T8uNi4WYIVQnGW+ocu), que di:

“(...)”

En relación co expediente de contrato menor de referencia emítase o seguinte **INFORME**:

**Primeiro:** Con data 21/12/2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público anuncio de licitación para o expediente 2023/C002/000085 Subministro e montaxe de seis focos no Campo de Fútbol Dani Mallo con un prazo de presentación de ofertas ata o 27/12/2023:

**Segundo:** O criterio de valoración establecido e o prezo.

**Terceiro:** Presentaron ofertas as empresas que a continuación se relacionan.



Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	11.391,44 €
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L	11.123,53 €
INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA S.L.	9.993,27€

**Cuarto:** Vistas as ofertas presentadas polos licitadores, INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA S.L. é a oferta máis vantaxosa, polo que

### PROPOÑO:

Adxudicar o contrato menor para o “Subministro e montaxe de seis focos no Campo de Fútbol Dani Mallo a INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA S.L.”, co CIF B70604335 e domicilio en Calle Gandarón 7 - Pazo De Gallegos 15686 Frades A Coruña por un importe de 8.258,90 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 9.993,27 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido”.

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade de secretaria xeral, de data 09.01.2023 (CVD: E3RbcultjK5flvViML7E), que entre outras cousas di:

“(…)

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

(…)

**Segunda:** Danse por reproducidas as consideracións xurídicas expostas no informe emitido pola secretaria xeral o día 19.12.2023 (CVD: MervbvTNLuQmUlde8UGN) neste expediente.

**Terceira:** Convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP o día 21.12.2023 (facéndose constar no anuncio de licitación que se abría un prazo de presentación de ofertas de 3 días hábiles, a través da sede electrónica deste Concello), a dita publicación non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación na PLACSP nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

### CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto neste informe e no informe da secretaria xeral do día 19.12.2023 que consta neste expediente (CVD: MervbvTNLuQmUlde8UGN), infórmase desfavorablemente a adxudicación como contrato menor da subministración e montaxe de seis (6) focos no campo de fútbol Dani Mallo, que consta na plataforma TEdC co número 2023/C002/000085.

Non se estudan o resto dos extremos deste expediente, nin de fondo nin de forma por canto que entende quen subscribe que non procede a súa adxudicación.

(…)”.

Visto o informe de intervención do día 06.03.2024 (CVD: Hf3EybdYuV1FOTUSiRoZ) que, entre outras cousas, di:

**“INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO CONTRATO DE SUBMINISTRO E MONTAXE DE SEIS FOCOS NO CAMPO DE FÚTBOL DANI MALLO.**

(...)

**INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE**

**PRIMEIRO.-** Dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano 2024 esta Intervención informa que existe crédito axeitado na aplicación orzamentaria 2024.342.625.00 e suficiente na cuantía de **11.929,27 €** para o obxecto denominado **“RC FOCOS CAMPO DE FÚTBOL DANI MALLO.”** O crédito en cuestión atópase na fase contable **RC** có número de operación **22024000193** e con número de referencia **22024000341.**

O 10% dos recursos ordinarios do orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2023 prorrogado ao exercicio 2024 ascenden a 1.935.729,05 €

**SEGUNDO.-** A base 26ª das de execución do orzamento municipal 2023 prorrogado ao exercicio 2024 do Concello de Cambre dispón:

“(...

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:

(...)

Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.

(...)”

Consta no expediente 2023/C002/000085 documento denominado PROPOSTA E INFORME DE NECESIDADE - SUBMINISTRO, asinada o 18.10.2023 (CVD: BiT/hFk+Bbh9rxox+CxE) cuxo apartado 4.- dispón o seguinte:

“4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:

Trátase dunha necesidade concreta e puntual nunha instalación deportiva.”

Non corresponde a esta intervención analizar o contido da xustificación alegada senón comprobar que existe informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor.



**TERCEIRO.-** O artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece que “El órgano interventor podrá formular las observaciones complementarias que considere conveniente, sin que estas tengan, en ningún caso, efectos suspensivos en la tramitación de los expedientes correspondientes”.

Ao amparo do artigo citado, formulo por escrito as seguintes **observacións**:

**1.-** O artigo 25.2.m) da LBRL dispón:

“El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

(...)

m) Promoción de la cultura y equipamientos culturales.

(...).”

En canto aos servizos mínimos municipais, o artigo 26 do mesmo texto legal:

“1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

b) En los Municipios con población superior a 5.000 habitantes, además: parque público, biblioteca pública y tratamiento de residuos.

c) En los Municipios con población superior a 20.000 habitantes, además: protección civil, evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social, prevención y extinción de incendios e instalaciones deportivas de uso público.

(...).”

O obxecto do contrato expediente tedec número 2023/C002/000085 parece ter encaixe nas competencias que, por lei, corresponden aos municipios.

**2.- Calificación jurídica contrato.**

O artigo 18 da LCSP establece que:

“1. Se entenderá por contrato mixto aquel que contenga prestaciones correspondientes a otro u otros de distinta clase.

(...)

Para la determinación de las normas que regirán la adjudicación de los contratos mixtos cuyo objeto contenga prestaciones de varios contratos regulados en esta Ley, se estará a las siguientes reglas:

a) Cuando un contrato mixto comprenda prestaciones propias de dos o más contratos de obras, suministros o servicios se atenderá al carácter de la prestación principal.(...)”

A calificación xurídica do expediente tedec número 2023/C002/000085 é dun contrato mixto sendo a prestación principal, de conformidade có detalle do prezo do contrato, a de subministro

**3.-** Ao abeiro do artigo **65.1** da **LCSP**, só poderán contratar có sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta Lei, atópanse debidamente clasificadas. O **informe de selección de contratista asinado o 09.01.2024 (CVD: 1T8uNi4WIYIVQnGW+ocu)** pola coordinadora deportiva en funcións de coordinadora de actividades culturais e educativas por ausencia do titular **non se pronuncia en relación** a se o contratista proposto cumpre o sinalado no artigo 65.1 da LCSP.

**4.-** En virtude do artigo **65.2 da LCSP**, os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato. O **informe de selección de contratista asinado o 09.01.2024 (CVD: 1T8uNi4WIYIVQnGW+ocu)** pola coordinadora deportiva en funcións de coordinadora de actividades culturais e educativas por ausencia do titular **non se pronuncia en relación** a se o contratista proposto cumpre o sinalado no artigo 65.2 da LCSP.

**5.- Obxecto do contrato.** O artigo **99.1 LCSP** establece que o obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. Consta no expediente tedec número 2023/C002/000085 o documento denominado PROPOSTA E INFORME DE NECESIDADE - SUBMINISTRO, asinada o 18.10.2023 (CVD: BiT/hFk+Bbh9rxox+CxE) o cal que detalla a tipoloxía de focos a subministrar. **Debería terse xustificado no expediente** que a definición da tipoloxía de focos a subministrar proporciona aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e que non ten por efecto a creación de obstáculos inxustificadas á apertura da contratación pública á competencia.

**6.- Prezo.** O artigo **102.3 LCSP** dispón que “Los órganos de contratación cuidarán de que el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado, en el momento de fijar el presupuesto base de licitación y la aplicación, en su caso, de las normas sobre ofertas con valores anormales o desproporcionados.(...)”

#### **No expediente non se xustifica o cálculo do prezo.**

**7.-** Na contratación pública rexen os principios de igualdade, non discriminación e transparencia. Asemade, establece a LCSP que los órganos de contratación han de velar en todo el procedimiento de contratación por la salvaguarda de la libre competencia.

O artigo 28.4 LCSP “Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada”

De conformidade có artigo 131.2 LCSP “La adjudicación se realizará, ordinariamente utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido, salvo los contratos de concesión de servicios especiales del Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedimiento”

O artigo 159.6 LCSP prevé un procedemento de contratación abreviado e sumario para os subministros cuxo valor estimado sexa inferior a 60.000 €.

En virtude do exposto e se ben o artigo 131.3 LCSP establece a posibilidade de adxudicar contratos menores directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 do mesmo texto legal, **este mecanismo debería ser excepcional e reservarse unicamente para satisfacer aquelas prestacións que non se poidan prever na programación da actividade de contratación para así garantir os principios inspiradores na normativa de contratación pública.**

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente o presente informe en na data que figura na marxe”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000085 cuxo obxecto é a “Subministración e montaxe de seis focos no campo de fútbol Dani Mallo”, con cargo á aplicación orzamentaria “342 62500 Mobiliario instalacións deportivas”.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor para a “Subministración e montaxe de seis focos no Campo de Fútbol Dani Mallo” a INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA S.L.”, CIF B70604335, por un importe de 9.993,27 euros (IVE incluído), 8.258,90 euros sen IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

**Terceiro:** Designar responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, José Luis Martínez Názara, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto:** Notificar ao adxudicatario para que execute o contrato nas condicións acordadas, coa incorporación da correspondente factura, unha vez conformada pola responsable do contrato.

**Quinto:** Notificar este acordo aos interesados e dar traslado, a través da plataforma de administración electrónica TEDEC, á interventora municipal e ó responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar este acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 14 de marzo de 2024 (CVD: ws/Nb8S2klJbSt/b9ttB), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social núm. 269/2024, de data 8 de marzo, e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime Interior núm. 325/2024, de data 14 de marzo, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
269/2024	08-03-2024	Considerar desistida a JPG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 24/11/2021, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
270/2024	08-03-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MVG
271/2024	08-03-2024	Considerar desistida a MCA da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 16/12/2021, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
272/2024	08-03-2024	Solicitar unha subvención para poñer en marcha o proxecto de obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade), para a contratación do alumnado traballador e o persoal técnico que realizarán os servizos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade establecidos no proxecto, isto ao abeiro do disposto na Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicada no DGO nº 38, do



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		22/02/2024
273/2024	08-03-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato baseado do servizo de seguro de danos materiais do Acordo marco para as entidades locais, organismos autónomos e entes dependentes, adheridos á central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias con rango superior a 10.000 habitantes. Adxudicar o contrato baseado do servizo de seguro de danos materiais do Acordo marco tramitado pola central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias ao licitador OCCIDENT GCO S.A., SEGUROS Y REASEGUROS, cun prazo de duración de un ano, prorrogable un ano máis, cun importe da prima de 25.226,94 euros (impostos incluídos)
274/2024	08-03-2024	Ordenar á C de P do edificio sito en Travesía da Coutelana, O Temple, a reparación dos desperfectos existentes na fachada principal do citado edificio, segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para o cal deberán presentar a oportuna comunicación previa de obras co contido indicado no anexo 6 da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos, considerándose proporcionado un prazo de 15 días para a súa presentación
275/2024	08-03-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros para o luns 11 de marzo de 2024, ás 11.00 horas
276/2024	08-03-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de marzo de 2024
277/2024	08-03-2024	Declarar o cese con data 10 de marzo de 2024, e a petición propia, de AZM funcionaria interina do Concello de Cambre, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
278/2024	08-03-2024	Aprobar as facturas por un importe total de 18.136,65 euros
279/2024	08-03-2024	Tomar coñecemento do cese con data de efectos do 1 de marzo de 2024 do enxeñeiro técnico industrial interino MCC pola reincorporación do funcionario interino a quen substituíra, IFD, segundo resolución sobre recoñecemento de baixa emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social onde se establece dita data de efectos, de conformidade cos artigos 10-3 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 24-3.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
280/2024	08-03-2024	Declarar a desistencia de SCC da solicitude de licenza de parcelación da finca sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, de data 29 de novembro 2021, de conformidade co artigo 94 a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas. Declarar concluído o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente
281/2024	08-03-2024	Declarar a xubilación por incapacidade permanente con efectos do 26 de febreiro de 2024 do funcionario de carreira, conserxe de



		colexio público, XALM
282/2024	08-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a CLGdeD para a rectificación das deficiencias detectadas na finca sita en Armental, Pravio
283/2024	08-03-2024	Conceder ao funcionario municipal adscrito a Secretaria, unha licenza por asuntos propios de tres meses sen retribución de conformidade co artigo 127 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
284/2024	11-03-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal para o xoves 14 de marzo de 2024, ás 11.00 horas
285/2024	11-03-2024	Considerar desistida a MCAS da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/12/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
286/2024	11-03-2024	Arquivar a denuncia presentada por MPGF ao terse constatado que a día de hoxe a vexetación existente na finca sita en Armental, Pravio, atópase nun aceptable estado de conservación, sen que se aprecie un incumprimento substancial dos criterios establecidos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
287/2024	11-03-2024	Considerar desistido a JLP da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 31/01/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
288/2024	12-03-2024	Personación contencioso PA 281/2023 L ante Xulgado Contencioso núm. 2 da Coruña, por reclamacións de pago facturas C. S.L.
289/2024	11-03-2024	Considerar desistido a CGS da solicitude realizada para a tramitación dunha axuda de inclusión social (AIS) con data 28/08/2023 e por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
290/2024	12-03-2024	Aprobar, con efectos do 1 de novembro de 2023, a relación de 2 altas e 1 baixa para participar no programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 no mes de novembro
291/2024	11-03-2024	Considerar desistida a SMFN da solicitude realizada con data 30/08/2023 relativa á emisión dun informe para a entidade Cruz Vermella, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
292/2024	11-03-2024	Considerar desistida a AMI da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 12/09/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
293/2024	11-03-2024	Considerar desistida a MEBC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/11/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
294/2024	11-03-2024	Considerar desistido a MLB da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 30/08/2022 por non achegar a





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
295/2024	11-03-2024	Considerar desistido a FRG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/07/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
296/2024	12-03-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: JRFB
297/2024	12-03-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: CFL
298/2024	12-03-2024	Considerar desistida a RD da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/12/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
299/2024	12-03-2024	Suspender inmediatamente a talla que está a realizar MFC SL, no lugar de Piñeiro-Cecebre, facendo uso do camiño público municipal, sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
300/2024	12-03-2024	Declarar a caducidade do expediente nº 2017/I002/000118 ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MLP e MRNC co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente dos actos consistentes na instalación dun contenedor na finca sita en Aián, Sigrás, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
301/2024	12-03-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por CPC contra a resolución da alcaldía de data 29 de abril de 2022. Arquivar o expediente incoado a JMNC e AGV pola realización de obras na finca sita en Volteiro, Cecebre, consistentes na construción dun muro de peche, un invernadoiro e a reforma do baixo da vivenda, carecendo de título habilitante
302/2024	12-03-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 30 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de San Lourenzo, parroquia de Meixigo. Solicitante: UFD, DE, S.A.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

303/2024	12-03-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas, con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 24/2023, do día 11 de xaneiro de 2023 pola que se ordenou a LAVG a eliminación dos vertidos existentes na parcela sita no lugar da Rocha, Anceis, ao terse constatado o seu incumprimento, de conformidade co disposto polo artigo 136.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
304/2024	12-03-2024	Ordenar a JGC MJPR que retiren os vertidos existentes na parcela sita no lugar de Gaiteiro, Sigrás, debendo entregalos a un xestor autorizado
305/2024	12-03-2024	Considerar desistida a MMP da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 03/11/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
306/2024	12-03-2024	Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2024, a relación de 9 altas e 19 baixas para participar no programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 no mes de xaneiro
307/2024	12-03-2024	Considerar desistida a LTI da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 25/08/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
308/2024	12-03-2024	Considerar desistido a LAL da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 25/08/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
309/2024	12-03-2024	Considerar desistida a CBO da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 23/02/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
310/2024	12-03-2024	Impoñer a HMF unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e obras do día 13 de setembro de 2022, pola que se lle ordenou a restitución ao seu estado anterior das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (ventá) na fachada traseira da edificación sita en Pena, Sigrás de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
311/2024	12-03-2024	Contratar a JMDD como persoal laboral docente para impartir o curso "Soldadura con electrodo revestido e TIG", código FMEC0110 familia profesional fabricación mecánica (número do curso 2023/005126), isto ao abeiro da Orde do 11 de maio de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se realiza a súa primeira

		convocatoria para os exercicios 2023/2024
312/2024	12-03-2024	Convocar a sesión ordinaria da Mesa Local de Comercio para o día 15 de marzo de 2024, ás 11:00 horas nas antigas oficinas da OMIX do Concello de Cambre (rúa Wenceslao Fernández Flórez s/n – Cambre)
313/2024	12-03-2024	Considerar desistida a LJA da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 31/01/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
314/2024	12-03-2024	Considerar desistido a LEL da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 29 de xaneiro de 2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
315/2024	13-03-2024	Conceder a a licenza municipal solicitada para instalar unha arqueta e executar unha canalización de 14 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar do Barral, parroquia de Bribes. Solicitante: UFD DE, S.A.
316/2024	13-03-2024	Impoñer a LTR unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e obras do día 13 de setembro de 2022, pola que se ordenou a reposición das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (porta) na fachada traseira da edificación sita en Pena, Sigrás, ao estado anterior, de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
317/2024	14-03-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal, no informe de intervención de data 29 de febreiro de 2024. Aprobar as facturas por importe total de 245.595,01 euros
318/2024	13-03-2024	Cesar con data 8 de marzo de 2024 a JLRB por finalizar a causa que deu lugar ao seu nomeamento, a substitución transitoria de XALM por cesar este como funcionario, de conformidade co artigo 24.3-d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
319/2024	14-03-2024	Corrixir o erro detectado nos apartados primeiro e segundo da parte resolutiva da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos número 204/2024, do 23 de febreiro, pola que se impón a JDM unha multa coercitiva
320/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a FJVS
321/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a ARS
322/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a ASS
323/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a MVG
324/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a RLV
325/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo do 2024 á funcionaria interina MBN



## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo